



Exposición

XACOBEO. AS PEGADAS DO CAMIÑO

O primeiro significado da palabra pegada¹ é ‘sinal que deixa o pé do home ou do animal na terra por onde pasa’. Pero a inspiración de Antonio Machado, ascendendo poeticamente desde a parte ao todo e elevándose da causa para o efecto, estendeu tal acepción para que designase o camiño no seu conxunto: «Caminante, son tus huellas / el camino, y nada más. / Caminante, no hay camino, / se hace camino al andar». E así, en varios países de Hispanoamérica, enténdese tamén por pegada ‘o camiño feito polo paso, máis o menos frecuente, de persoas, animais ou vehículos’.

Ese pisar repetido durante un milenio deu orixe ao Camiño de Santiago, que en anos xacobeos como 2021 revivifica o seu significado non só como primeiro «gran itinerario cultural europeo», recoñecido como tal polo Consello de Europa, senón tamén como ruta de profundo contido humanista, cultural, histórico e espiritual.

Pero pegada é tamén o ‘rastros, sinal, vestixio que deixa alguén ou algo’. Do mesmo xeito, falamos de pegada para referirnos a ‘todo indicio, mención ou alusión’ que se fai a algo importante cando se fala ou escribe, e por pegada enténdese, así mesmo, ‘o sinal que deixa unha lámina ou forma de imprenta no papel ou outra cousa que se estampa’ no idioma da tipografía nacida con Gutenberg a mediados do século XV, cando o Camiño era xa unha poderosa realidade. Finalmente, en termos máis xerais, pero de intensa significación humana, pegada vén ser á vez ‘toda impresión profunda e duradeira’ que queda na memoria e na sensibilidade dunha persoa. Por exemplo, do romeu que fai a súa peregrinación.

¹ As acepcións de «pegada» neste texto son as que se recollen no *Diccionario de la Lengua Española da Real Academia Española para o termo «huella»*.



No ano santo de 2021, ampliado pola Santa Sé tamén a 2022, a exposición XACOBEO. AS PEGADAS DO CAMIÑO aspira desde o seu propio título a ofrecer poliedricamente unha selección de pezas significativas desas facetas históricas, culturais, artísticas, literarias, sociolóxicas, políticas, antropolóxicas, xeográficas, paisaxísticas e vivenciais, que a peregrinación a Compostela produciu e produce desde hai máis de 900 anos. Todas elas aparecen identificadas con cinco grandes ámbitos, cada un dos cales responde a unha das acepcións da palabra pegada. E a mostra así titulada, pretende subliñar a vocación europeísta que distinguiu desde o principio este prodixioso fenómeno da ruta xacobeá. Constitúe unha verdadeira columna vertebral para sustentar ao longo dos tempos a pertenza diversa e pluralista dos distintos pobos de Europa a unha historia e unha cultura compartida, pero ao tempo, xa en pleno século XXI, móstrase cada vez máis aberta á integración de pegadas físicas, culturais e espirituais deixadas por peregrinos agora xa procedentes do universo mundo. Non en balde o Camiño de Santiago mereceu en 2004 o premio Príncipe de Asturias da Concordia.

O CAMIÑO [DE EUROPA]

Pegada no *Diccionario de la Lengua Española*: «8. f. Arg., Bol., Chile, Ec., Nic., Par., Perú, Ur. y Ven. Camino hecho por el paso, más o menos frecuente, de personas, animales o vehículos».

Esta acepción pegada=camiño é idónea para ofrecer a presentación selectiva de obras de cartografía relacionadas co Camiño de Santiago, tanto pertencentes aos fondos da Biblioteca Nacional de España como, de ser o caso, a outras institucións. E é tamén a mellor porta de entrada para a inserción do medio natural no escenario das distintas rutas que o compoñen e na relación establecida coa paisaxe polos peregrinos, que inspirou desde o século XIX a destacados artistas da fotografía.

Este ámbito —a dimensión xeográfica e a súa representación cartográfica— dá pé á presenza do eixe vertebrador fundamental da mostra que sería, así, a



revitalización do espírito europeísta nun momento especialmente problemático en canto á nova organización xeoestratéxica dun mundo globalizado. Unha dimensión fundamental, complementada por todo o referente ás pegadas históricas que confluíron durante séculos ao redor dunha rede de rutas. Un camiño construído e á vez azoutado ao albur das guerras e das paces, dos encontros e desencontros, da propia e mudable configuración política das vilas e das nacións, desde antes do nacemento dos Estados.

RASTRO, SINAL, VESTIXIO

Acepción quinta de pegada: 5: «f. Rastro, seña, vestigio que deixa a alguen ou algo. U. m. en pl. [Exemplo que incúe o DLE No quedaron ni huellas do desastre]».

Teñen aquí cabida todas as expresións artísticas, arquitectónicas, enxeñeirís, escultóricas, pictóricas, fílmicas e musicais sobre o Camiño. A plasticidade de moitas das pezas enriquece excesivamente o valor e a visualidade da exposición. Así mesmo, o Camiño en xeral converteuse no motivo central de moi destacados filmes, algúns dos cales atoparon nas rutas xacobeas os escenarios ideais para desenvolver as súas historias. Por outra banda, na BNE o Servizo de Rexistros Sonoros dispón de gravacións musicais que se corresponden ou complementan coas notas plasmadas en partituras.

Para adornar o testemuño destes documentos, inclúense na exposición as copias de instrumentos musicais como son a arpa salterio, o salterio propiamente dito, a viola de arco oval, a viola de arco en oito, o laúde ou esa marabilla que se executaba a catro mans: o organistro ou viola de roda. Todas elas foron reproducidas a partir dos modelos esculpidos nesa xoia da sede compostelá —a Catedral do Camiño— que é o Pórtico da Gloria. A música, linguaxe universal que non precisa tradución: outro dos sinais de identidade da Europa da cultura e do espírito, e unha das pegadas máis preciosas que legou a construción de Europa como unha realidade histórica incuestionable e como unha razoable utopía política para o futuro da UE.



INDICIO, MENCIÓN, ALUSIÓN

Acepción sétima de pegada: «f. Indicio, mención, alusión. [Exemplo que inclúe o DLE: En los documentos consultados no se encuentra huella alguna de ese hecho]».

Este capítulo misceláneo puido nutrirse con xenerosidade botando man do fondo de manuscritos relacionados co Camiño que fundamentalmente a Biblioteca Nacional de España atesoura. O máis relevante de todos eles é o propio *Liber Sancti Iacobi*, ou *Códex Calixtinus*, xunto ao que figuran outros moi destacados documentos, breviarios, beatos, panexíricos, tombos, partidas ou códices, moitas veces miniados. Conteñen privilexios ou disposicións legais adscritas á peregrinación xacobeá, a relación de milagres atribuídos ao Apóstolo, xestas históricas ou fantasiosas de grandes personaxes que fixeron tamén o Camiño ou outras mensaxes máis estritamente relixiosas ou doutrinais. Por outra banda, fíxose unha selección de mencións e alusións ao fenómeno xacobeo no seu conxunto que se atopan en escritos de grandes autores como Dante Alighieri, William Shakespeare, Francisco de Quevedo, ou o propio Erasmo de Róterdam, que no contexto da reforma relixiosa do século XVI se mostrou contrario ás tres peregrinacións cristiás (Xerusalén, Roma e Santiago). Nalgún caso, como o do dramaturgo Luis Vélez de Guevara no século XVII, o fenómeno xacobeo dá lugar a toda unha peza teatral como *La romera de Santiago*.

SINAL, LÁMINA OU FORMA DE IMPRENTA

Acepción cuarta de pegada: «f. Señal que deixa una lámina o forma de imprenta en el papel u otra cosa en que se estampa».

Este significado da palabra pegada, propio da lingua creada polos tipógrafos a partir de mediados do século XV —cando Johannes Gutenberg inventa en Maguncia a imprenta de tipos móbiles— para designar o resultado máis evidente do seu traballo, dá entrada na nosa exposición ao repositorio de todo o inxente patrimonio impreso, gráfico (gravados, litografías, estampas, augafortes etc.) e literario que xerou en numerosos idiomas a peregrinación a Santiago. E con moi



diversos enfoques, un dos cales inclúe o que a partir da lingua italiana se coñece como *literatura odepórica*, cuxo étimo procede do termo grego que designa a viaxe.

Esta *literatura odepórica* acolle os relatos de peregrinos escritos desde o século XV. No presente abundan, así mesmo, as crónicas e os diarios da peregrinación, unha selección dos cales fala non só da diversidade lingüística de tales escritos, senón tamén da pluralidade de experiencias, motivacións, reflexións e relatos que o Camiño inspirou e segue inspirando. E como unha derivación en clave creativa non testemuñal da literatura odepórica de outrora e dos tempos actuais, inclúense algúns exemplos de ficcións novelescas, capaces mesmo de asimilar as pautas de moi diferentes subxéneros narrativos e de converterse en verdadeiros *best sellers* de éxito global.

SINAL PROFUNDO E DURADEIRO

Acepción sexta de pegada: «f. Impresión profunda y duradera. [Exemplo que inclúe o DLE La lectura de ese autor dejó huella en su espíritu].

Este ámbito diferenciado da exposición axúdanos a recoller a dimensión máis profundamente humana, física pero tamén espiritual, do paso secular dos peregrinos que foron deixando todo tipo de vestixios ao longo do Camiño, algúns arquitectónicos e asistenciais como o Hospital Real, outros institucionais como confrarías, irmandades ou a propia Orde de Santiago. A dimensión antropolóxica do fenómeno xacobeo atopa aquí, loxicamente, o seu espazo privilexiado, así como os testemuños orais do Arquivo da Palabra da Biblioteca Nacional de España que deberon quedar á marxe da mostra. Esta nútrese, en todo caso, de obxectos, documentos, guías, testamentos, testemuños efémeros das vivencias individuais e comunitarias dos peregrinos como selos postais, carteis e programas festivos etc. E con certeza, é aquí onde debe situarse unha dimensión inescusable para a comprensión da natureza do Camiño e a súa perduración a través dos séculos ata hoxe, que debe, polo tanto, estar presente coa relevancia que merece na exposición: o feito relixioso, que inclúe os aspectos litúrxicos, dimensión que está xa presente en moitas das pezas da exposición XACOBEO. AS



Exposición Xacobeo. As pegadas do Camiño



PEGADAS DO CAMIÑO presentadas nos catro ámbitos anteriores a este que a pecha.

Autor: Área de Exposiciones y Museo

Departamento: Servicio de Exposiciones

Versión: 01

Fecha: 11/11/2021



Exposición Xacobeo. As pegadas do Camiño

